
CORRÍA O ANO 1486. OS REIS RECIBIRON A COLÓN, PERO OS ENORMES GASTOS MILITARES DA GUERRA DE GRANADA E O REXEITAMENTO DO PLAN NA XUNTA DE COSMÓGRAFOS IMPEDIRON A EMPRESA.
TAMÉN O REXEITARÍAN OS REIS DE FRANCIA E INGLATERRA, A QUEN COLÓN PRESENTOU O SEU PROXECTO A TRAVÉS DO SEU IRMÁN BARTOLOMÉ.
O 2 DE XANEIRO DE 1492, AS TROPAS CRISTIÁS TOMARON GRANADA. A REDUCIÓN DO GASTO MILITAR AXUDOU A QUE A RAÍÑA ISABEL FINANCIARA A EXPEDICIÓN.
DESTA FORMA CRISTOVO COLÓN ASINOU COA RAÍÑA ISABEL AS CAPITULACIÓNS DE SANTA FE, O 17 DE ABRIL DE 1492.
... AUTORÍZASE E FINANCIA A EXPEDICIÓN ÁS INDIAS POLO MAR CARA A OCCIDENTE E CONCÉDENLLE A COLÓN OS TÍTULOS DE ALMIRANTE, GOBERNANTE, VICERREI E UN DÉCIMO DAS RIQUEZAS.
O 23 DE MAIO DE 1492, EN PALOS DE LA FRONTERA, DEUSE LECTURA Á REAL PROVISIÓN NA QUE SE ORDENABA A CERTOS VECIÑOS DA VILA POÑER Á DISPOSICIÓN DE COLÓN DÚAS CARABELAS ARMADAS E APARELLADAS...
... ASÍ COMO SERVIR NELAS DURANTE DOUS MESES COMO TRIPULACIÓN BAIXO AS ORDES DE DON CRISTOVO COLÓN.
FREI JUAN, OS MARIÑOS SEGUEN DESCONFIANDO DE EMBARCAR.
SE CONVENCEDES A UN MARIÑO DA SÚA CONFIANZA, ISO CAMBIARÁ. CREO SABER QUEN PODERÍA SER.
ASÍ COÑECEU A MARTÍN ALONSO PINZÓN, RICO ARMADOR E LÍDER NATURAL DA ZONA GRAZAS ÁS SÚAS MOITAS NAVEGACIÓNS, TANTO POLO ATLÁNTICO COMA POLO MEDITERRÁNEO, E POLAS QUE AMASARA FORTUNA E FAMA.
SEÑOR MARTÍN ALONSO PINZÓN, ACOMPÁÑEME NESTA VIAXE. EU PROMÉTOVOS POLA COROA REAL REPARTIR CON VÓS COMO UN IRMÁN SE TEMOS ÉXITO.